

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 11

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA (agosto) que terá lugar o día **5** de SETEMBRO de 2018, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores:** (ordinaria de 27 de xuño 2018)
- 2.-** Toma de posesión da concelleira D^a Nuria Rodríguez Rodríguez. Expte. 1823/1101

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.-** Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 2º trimestre do 2018, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 88/143 (1821/1101)
- 4.-** Aprobación inicial do proxecto de modificación para o exercicio 2019 da ordenanza fiscal xeral. Expte: 2488/500. (1825/1101)
- 5.-** Aprobación inicial do proxecto de modificación para o exercicio 2019 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles. Expte: 2489/500. (1826/1101)
- 6.-** Aprobación inicial do proxecto de modificación para o exercicio 2019 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Expte: 2490/500. (1827/1101)
- 7.-** Aprobación inicial do proxecto de modificación para o exercicio 2019 da ordenanza reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local. Expte: 2491/500. (1828/1101)

- 8.-** Aprobación inicial do proxecto da ordenanza que adapta a ordenanza fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais ao artigo 20.6. do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais. Expte. 2436/500. (1829/1101)
- 9.-** Aprobación inicial do proxecto da ordenanza que adapta a ordenanza fiscal das taxas polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos ao artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais . Expte. 2437/500 (1830/1101)

RÉXIME INTERIOR, SEGURIDADE E MOBILIDADE

- 10.-** Proposta de festividades locais para o ano 2019. Expte. 1561/110 (Rexistro Pleno 1838/1101)
- 11.-** Proposta de designación de membros corporativos na Comisión Paritaria de Seguimento do Convenio e na Comisión Paritaria de Formación. Expte. 16360/101 (Rexistro Pleno 1843/1101)

TRANSPORTES, PROXECTOS, EMPREGO, ECONOMÍA, PARQUES E PARTICIPACIÓN

- 12.-** Aprobación definitiva da Modificación da Ordenanza Municipal reguladora do Servizo de Taxi na cidade de Vigo. Expte. 1755/449 (1800-1101)

URBANISMO

- 13.-** Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Urbanística reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo. Expte. 93738/421 (Rexistro Pleno 1797/1101)
- 14.-** Desestimación da solicitude presentada por “Promociones Urbanas Laxas S. L.” relativa á publicación no DOG do acordo de aprobación definitiva e remisión á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio do Estudo de Detalle do inmobile sito na rúa Velázquez Moreno núm. 10. Expte. 3147/426 (Rexistro Pleno 1822/1101)
- 15.-** Ratificación da resposta á consulta urbanística formulada por “Global Fitness Sport S.L.” sobre diversas determinacións urbanísticas da UE-II 04 Industrial. Expte. 16625/411 (Rexistro Pleno 1831/1101)

Mocións:

- 16.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno do Estado á igualdade de trato, consideración e non discriminación do Porto de Vigo en relación ao de Valencia nos termos de financiamento e asunción débedas e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1854/1101.
- 17.-** Moción do grupo municipal Socialista instando á Consellería de Política Social que cambie as condicións de contratación do servizo de xestión do Punto de Encontro para garantir a súa apertura os 365 días do ano. Rexistro Pleno 1853/1101.
- 18.-** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a que cumpra coas súas obrigas e que a consellería responsable deixe de boicotear as obras da Cidade de Vigo. Rexistro Pleno 1856/1101.
- 19.-** Moción do grupo municipal Socialista esixindo responsabilidades políticas s conselleiras de Medio Ambiente e Infraestruturas pola súa posición a favor do Porto de A Coruña ignorando o de Vigo e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1857/1101.

PARTE DE CONTROL

- 20.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía. Expte. 411/1102 (Rexistro Pleno 1845/1101).
- 21.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as. Expte. 412/1102 (Rexistro Pleno 1846/1101).
- 22.-** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 16.07.18, de designación de representante no Consorcio da Zona Franca de Vigo. Expte. 387/1102 (Rexistro Pleno 1847/1101).
- 23.-** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 16.07.18, de designación de representante na Fundación Marco de Vigo. Expte. 388/1102 (Rexistro Pleno 1848/1101).
- 24.-** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 16.07.18, de designación de vocal na Asemblea da Mancomunidade de Área Intermunicipal de Vigo. Expte. 390/1102 (Rexistro Pleno 1849/1101).
- 25.-** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 16.07.18, de designación representante e Vicepresidente no Consorcio do Casco Vello de Vigo. Expte. 391/1102 (Rexistro Pleno 1850/1101)

Mocións.

26.- Moción do grupo municipal de Marea de Vigo instando á Corporación a apertura dunha Comisión Especial de Investigación para elaborar un ditame sobre o accidente de O Marisquiño en canto a responsabilidades sobre o espazo portuario cedido. Rexistro Pleno 1852/1101.

27.- Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a asumir de forma urxente a obriga de reparación e mantemento do Paseo de Bouzas conforme ao convenio suscrito o 4 de xullo de 1997. Rexistro Pleno 1855/1101.

28.- Formulación de rogos.

29.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA (agosto) no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día CINCO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

lc

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

Vigo, data sinatura electrónica
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
José Riesgo Boluda.